

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA ESO
DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

Información básica

C.P.I PLURILINGÜE DE VEDRA

Curso 2022-23

Índice

1	OBXECTIVOS, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE A ALCANZAR, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN E TEMPORALIZACIÓN.....	2
1.1	2º ESO.....	2
1.2	4º ESO.....	8
2	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	14
2.1	Criterios para determinar as cualificacións trimestrais.....	17
2.2	Cualificación final ordinaria.....	18

1 OBXECTIVOS, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE A ALCANZAR, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN E TEMPORALIZACIÓN

1.1 2º ESO

Criterios de avaliación Obxectivos	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización
<ul style="list-style-type: none"> B1.1. Desenvolver actividades propias de cada fase da sesión de actividade física, en relación coas súas características. 	<ul style="list-style-type: none"> EFB1.1.1. Relaciona a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados. 	15%	<ul style="list-style-type: none"> 1ªAv.
	<ul style="list-style-type: none"> EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais de sesión de acordo co contido que se vaia realizar, de forma autónoma e habitual. 	30%	<ul style="list-style-type: none"> 1ªAv.
	<ul style="list-style-type: none"> EFB1.1.3. Prepara e pon en práctica actividades para a mellora das habilidades motoras en función das propias dificultades. 	30%	<ul style="list-style-type: none"> 1ªAv. 2ªAv. 3ªAv.
<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Recoñecer as posibilidades das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas como formas de inclusión social, facilitando a eliminación de obstáculos á participación doutras persoas independentemente das súas 	<ul style="list-style-type: none"> EFB1.2.1. Aмосa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a. 	30%	<ul style="list-style-type: none"> 1ªAv. 2ªAv. 3ªAv.
	<ul style="list-style-type: none"> EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas 	30%	<ul style="list-style-type: none"> 1ªAv.

Criterios de avaliación Obxectivos	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización n
características, colaborando con elas e aceptando as súas achegas.	responsabilidades para a consecución dos obxectivos.		<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2ªAv. ▪ 3ªAv.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.2.3. Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do nivel de destreza. 	30%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªAv. ▪ 2ªAv. ▪ 3ªAv.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Recoñecer as posibilidades que ofrecen as actividades físico-deportivas como formas de lecer activo e de utilización responsable do contorno. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.1. Coñece as posibilidades que ofrece o seu contorno para a realización de actividades físico-deportivas. 	15%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªAv. ▪ 3ªAv.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.2. Respecta o contorno e valóralo como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas. 	30%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªAv. ▪ 3ªAv.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.3. Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual. 	15%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªAv. ▪ 3ªAv.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Controlar as dificultades e os riscos durante a súa participación en actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, analizando as características destas e as interaccións motoras que levan 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.4.1. Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco para si mesmo/a ou para as demais persoas. 	15%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªAv. ▪ 2ªAv. ▪ 3ªAv.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.4.2. Describe os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección do contorno. 	15%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2ªAv.

Criterios de avaliación Obxectivos	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización n
<p>consigo, e adoptando medidas preventivas e de seguridade no seu desenvolvemento.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.4.3. Adopta as medidas preventivas e de seguridade propias das actividades desenvolvidas durante o ciclo, tendo especial coidado con aquelas que se realizan nun contorno non estable. 	15%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªAv. ▪ 2ªAv. ▪ 3ªAv.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, analizar e seleccionar información salientable, elaborando documentos propios, e facendo exposicións e argumentacións destes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable. 	15%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªAv. ▪ 2ªAv. ▪ 3ªAv.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.5.2. Expón e defende traballos elaborados sobre temas vixentes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos. 	15%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªAv. ▪ 2ªAv. ▪ 3ªAv.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Interpretar e producir accións motoras con finalidades artístico-expresivas, utilizando técnicas de expresión corporal e outros recursos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB2.1.1. Utiliza técnicas corporais, de forma creativa, combinando espazo, tempo e intensidade. 	15%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªAv.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB2.1.2. Crea e pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo prefixado de baixa dificultade. 	55%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªAv.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB2.1.3. Colabora no deseño e na realización de bailes e danzas, adaptando a súa execución á dos seus compañeiros e das súas compañeiras. 	30%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªAv.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB2.1.4. Realiza improvisacións como medio de comunicación espontánea en parellas ou grupos. 	55%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªAv.

Criterios de avaliación Obxectivos	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Recoñecer os factores que interveñen na acción motora e os mecanismos de control da intensidade da actividade física, aplicándoos á propia práctica, en relación coa saúde e a alimentación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.1. Analiza a implicación das capacidades físicas e as coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas traballadas no ciclo. 	15%	▪ 1ªAv.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.2. Asocia de forma básica os sistemas metabólicos de obtención de enerxía cos tipos de actividade física, a alimentación e a saúde. 	15%	▪ 1ªAv.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.3. Relaciona as adaptacións orgánicas coa actividade física sistemática, así como coa saúde e os riscos e contraindicacións da práctica deportiva. 	15%	▪ 1ªAv.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.4. Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora de diferentes factores da condición física. 	55%	▪ 1ªAv.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.5. Aplica de forma autónoma procedementos para autoavaliar os factores da condición física. 	30%	▪ 1ªAv.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.6. Identifica as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, adoptando unha actitude crítica fronte ás prácticas que teñen efectos negativos para a saúde. 	15%	▪ 1ªAv.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Desenvolver as capacidades físicas de acordo coas posibilidades persoais e dentro das marxes da saúde, amosando unha actitude de autoexixencia no seu esforzo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.2.1. Participa activamente na mellora das capacidades físicas básicas de flexibilidade, resistencia e forza desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento. 	15%	▪ 1ªAv.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.2.2. Alcanza niveis de condición física acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades, mellorando un 10% según 	15%	▪ 1ªAv.

Criterios de avaliación Obxectivos	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización
	nivel inicial.		
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.2.3. Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións. 	30%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªAv. ▪ 2ªAv. ▪ 3ªAv.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.2.4. Analiza a importancia da práctica habitual de actividade física para a mellora da propia condición física, relacionando o efecto desta práctica coa mellora da calidade de vida. 	15%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªAv.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Resolver situacións motoras individuais aplicando os fundamentos técnicos e habilidades específicas, das actividades físico-deportivas propostas, en condicións reais ou adaptadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.1. Aplica os aspectos básicos das técnicas e habilidades específicas, das actividades propostas, respectando as regras e normas establecidas. 	55%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2ºAv. ▪ 3ªAv.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.2. Autoavalía a súa execución con respecto ao modelo técnico formulado. 	15%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2ºAv. ▪ 3ªAv.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.3. Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos. 	15%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2ºAv. ▪ 3ªAv.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.4. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo, autoexixencia e superación. 	55%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2ºAv. ▪ 3ªAv.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.5. Explica e pon en práctica técnicas de progresión en contornos non estables e técnicas básicas de orientación, adaptándose ás variacións que se producen, e regulando o esforzo en función das súas posibilidades. 	15%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªAv. ▪ 3ªAv.

Criterios de avaliación Obxectivos	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Resolver situacións motoras de oposición, colaboración ou colaboración-oposición, utilizando as estratexias máis axeitadas en función dos estímulos relevantes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.2.1. Adapta os fundamentos técnicos e tácticos para obter vantaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición propostas. 	15%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2ºEv. ▪ 3ªEv.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.2.2. Describe e pon en práctica de xeito autónomo aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición seleccionadas. 	15%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2ºEv. ▪ 3ªEv.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.2.3. Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisións nas situacións de colaboración, oposición e colaboración-oposición, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción. 	25%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2ºEv. ▪ 3ªEv.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.2.4. Reflexiona sobre as situacións resoltas valorando a oportunidade das solucións achegadas e a súa aplicabilidade a situacións similares. 	75%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2ºEv. ▪ 3ªEv.

1.2 4º ESO

Criterios de avaliación Obxectivos	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Diseñar e realizar as fases de activación e recuperación na práctica de actividade física considerando a intensidade dos esforzos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.1. Analiza a actividade física principal da sesión para establecer as características que deben ter as fases de activación e de volta á calma. 	15%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªAv. ▪ 2ªAv. ▪ 3ªAv.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.2. Selecciona os exercicios ou as tarefas de activación e de volta á calma dunha sesión, atendendo á intensidade ou á dificultade das tarefas da parte principal. 	15%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªAv. ▪ 2ªAv. ▪ 3ªAv.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.3. Realiza exercicios ou actividades nas fases inicial e final de algunha sesión, de xeito autónomo, acorde co seu nivel de competencia motriz. 	55%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªEv. ▪ 2ªEv. ▪ 3ªEv.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Colaborar na planificación e na organización de eventos, campionatos ou torneos deportivos, prevendo os medios e as actuacións necesarias para a súa celebración e relacionando as súas funcións coas do resto de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.2.1. Asume as funcións encomendadas na organización de actividades grupais. 	30%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2ªAv. ▪ 3ªAv.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.2.2. Verifica que a súa colaboración na planificación e posta en práctica de actividades grupais fose coordinada coas accións do resto das persoas implicadas. 	30%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2ªAv. ▪ 3ªAv.

Criterios de avaliación Obxectivos	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización
implicados/as.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.2.3. Presenta propostas creativas de utilización de materiais e de planificación para utilízalos na súa práctica de maneira autónoma. 	75%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3ªAv.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Analizar criticamente o fenómeno deportivo discriminando os aspectos culturais, educativos, integradores e saudables dos que fomentan a violencia, a discriminación ou a competitividade mal entendida. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.1. Valora as actuacións e as intervencións das persoas participantes nas actividades, recoñecendo os méritos e respectando os niveis de competencia motriz, e outras diferenzas. 	15%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªEv. ▪ 2ªEv. ▪ 3ªEv.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.2. Valora as actividades físicas distinguindo as achegas que cada unha ten desde o punto de vista cultural, para a satisfacción e o enriquecemento persoal, e para a relación coas demais persoas. 	30%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªEv. ▪ 2ªEv. ▪ 3ªEv.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.3. Mantén unha actitude crítica cos comportamentos antideportivos, tanto desde o papel de participante como desde o de espectador/a. 	15%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªAv. ▪ 2ªAv. ▪ 3ªAv.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Asumir a responsabilidade da propia seguridade na práctica de actividade física, tendo en conta os factores inherentes á actividade e prevendo as consecuencias que poidan ter as actuacións pouco coidadosas sobre a seguridade das persoas participantes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.4.1. Verifica as condicións de práctica segura usando convenientemente o equipamento persoal, e os materiais e os espazos de práctica. 	30%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªEv. ▪ 2ªEv. ▪ 3ªEv.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.4.2. Identifica as lesións máis frecuentes derivadas da práctica de actividade física. 	15%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2ªAv. ▪ 3ªAv.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.4.3. Describe os protocolos que deben seguirse ante as lesións, os accidentes ou as situacións de emerxencia máis frecuentes producidas durante a práctica de actividades físico-deportivas. 	15%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2ªAv.

Criterios de avaliación Obxectivos	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Demostrar actitudes persoais inherentes ao traballo en equipo, superando as inseguridades e apoiando as demais persoas ante a resolución de situacións descoñecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.5.1. Fundamenta os seus puntos de vista ou as súas achegas nos traballos de grupo, e admite a posibilidade de cambio fronte a outros argumentos válidos. 	15%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªEv. ▪ 2ªEv. ▪ 3ªEv.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.5.2. Valora e reforza as achegas enriquecedoras dos compañeiros e das compañeiras nos traballos en grupo. 	30%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªEv. ▪ 2ªEv. ▪ 3ªEv.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Utilizar eficazmente as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, seleccionar e valorar informacións relacionadas cos contidos do curso, comunicando os resultados e as conclusións no soporte máis adecuado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.6.1. Procura, procesa e analiza criticamente informacións actuais sobre temáticas vinculadas á actividade física e a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos. 	15%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªEv. ▪ 2ªEv. ▪ 3ªEv.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.6.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para afondar sobre contidos do curso, realizando valoracións críticas e argumentando as súas conclusións. 	15%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªEv. ▪ 2ªEv. ▪ 3ªEv.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.6.3. Comunica e comparte información e ideas nos soportes e nos contornos apropiados. 	15%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªEv. ▪ 2ªEv. ▪ 3ªEv.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Compor e presentar montaxes individuais ou colectivas, seleccionando e axustando os elementos da motricidade expresiva. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB2.1.1. Elabora composicións de carácter artístico-expresivo, seleccionando os elementos de execución e as técnicas máis apropiadas para o obxectivo previsto, incidindo especialmente na creatividade e na desinhibición. 	15%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3ªAv.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB2.1.2. Axusta as súas accións á intencionalidade das montaxes artístico- 	55%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3ªAv.

Criterios de avaliación Obxectivos	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización
	expresivas, combinando os compoñentes espaciais, temporais e, de ser o caso, de interacción coas demais persoas. ▪ EFB2.1.3. Colabora no deseño e na realización das montaxes artístico-expresivas, achegando e aceptando propostas.	30%	▪ 3ªAv.
▪ B3.1. Argumentar a relación entre os hábitos de vida e os seus efectos sobre a condición física, aplicando os coñecementos sobre actividade física e saúde. ▪ B3.2. Mellorar ou manter os factores da condición física, practicando actividades físico-deportivas adecuadas ao seu nivel e identificando as adaptacións orgánicas e a súa relación coa saúde.	▪ EFB3.1.1. Demostra coñecementos sobre as características que deben cumprir as actividades físicas cun enfoque saudable e os beneficios que proporcionan á saúde individual e colectiva.	15%	▪ 1ªAv.
	▪ EFB3.1.2. Relaciona exercicios de tonificación e flexibilización coa compensación dos efectos provocados polas actitudes posturais inadecuadas máis frecuentes.	15%	▪ 1ªAv.
	▪ EFB3.1.3. Relaciona hábitos como o sedentarismo ou o consumo de tabaco e de bebidas alcohólicas cos seus efectos na condición física e a saúde.	15%	▪ 1ªAv.
▪ B3.2. Mellorar ou manter os factores da condición física, practicando actividades físico-deportivas adecuadas ao seu nivel e identificando as adaptacións orgánicas e a súa relación coa saúde.	▪ EFB3.1.4. Valora as necesidades de alimentos e de hidratación para a realización de diferentes tipos de actividade física.	15%	▪ 1ªAv.
	▪ EFB3.2.1. Valora o grao de implicación das capacidades físicas na realización dos tipos de actividade física.	15%	▪ 1ªAv.
	▪ EFB3.2.2. Practica de forma regular, sistemática e autónoma actividades físicas co fin de mellorar as condicións de saúde e calidade de vida.	55%	▪ 1ªEv. ▪ 2ªEv. ▪ 3ªEv.
	▪ EFB3.2.3. Aplica os procedementos para integrar nos programas de	15%	▪ 1ªEv.

Criterios de avaliación Obxectivos	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización
	actividade física a mellora das capacidades físicas básicas, cunha orientación saudable e nun nivel adecuado ás súas posibilidades.		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Resolver situacións motrices aplicando fundamentos técnicos nas actividades físico-deportivas propostas, con eficacia e precisión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.2.4. Valora a súa aptitude física nas súas dimensións anatómica, fisiolóxica e motriz, relacionándoas coa saúde. 	15%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªAv.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.1. Axusta a realización das habilidades específicas aos requisitos técnicos nas situacións motrices individuais, preservando a súa seguridade e tendo en conta as súas propias características. 	55%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2ªEv. ▪ 3ªEv.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.2. Axusta a realización das habilidades específicas aos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, e as persoas adversarias, nas situacións colectivas. 	55%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2ªEv. ▪ 3ªEv.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Resolver situacións motrices de oposición, colaboración ou colaboración-oposición nas actividades físico deportivas propostas, tomando a decisión máis eficaz en función dos obxectivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.3. Adapta as técnicas de progresión ou desprazamento aos cambios do medio, priorizando a súa seguridade persoal e colectiva. 	15%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªEv. ▪ 3ªEv.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.2.1. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de oposición, contrarrestando ou anticipándose ás accións da persoa adversaria. 	55%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2ªEv. ▪ 3ªEv.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.2.2. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de cooperación, axustando as accións motrices aos factores presentes e ás intervencións do resto de participantes. 	55%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2ªEv. ▪ 3ªEv.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.2.3. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de colaboración-oposición, intercambiando os papeis con continuidade e perseguindo o obxectivo colectivo de obter situacións 	55%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2ªEv. ▪ 3ªEv.

Criterios de avaliación Obxectivos	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización
	vantaxosas sobre o equipo contrario. ▪ EFB4.2.4. Aplica solucións variadas ante as situacións formuladas e valorar as súas posibilidades de éxito, en relación con outras situacións. ▪ EFB4.2.5. Xustifica as decisións tomadas na práctica das actividades e recoñece os procesos que están implicados nelas. ▪ EFB4.2.6. Argumenta estratexias ou posibles solucións para resolver problemas motores, valorando as características de cada participante e os factores presentes no contorno.	55%	▪ 2ªEv. ▪ 3ªEv.
▪ B4.3. Recoñecer o impacto ambiental, económico e social das actividades físicas e deportivas, reflexionando sobre a súa repercusión na forma de vida no contorno.	▪ EFB4.3.1. Compara os efectos das actividades físicas e deportivas no contorno en relación coa forma de vida nel. ▪ EFB4.3.2. Relaciona as actividades físicas na natureza coa saúde e a calidade de vida. ▪ EFB4.3.3. Demostra hábitos e actitudes de conservación e protección ambiental.	15%	▪ 1ªAv.
		15%	▪ 1ªAv. ▪ 3ªAv.
		30%	▪ 1ªAv. ▪ 3ªAv.

2 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Para cualificar ós alumnos terase en conta os aprendizaxes que estes realizaron sobre os tres tipos de contidos que se desenvolveron ó longo do curso.

Área motriz (55%)

As probas físicas mediranse en función da media dos resultados obtidos en cada unha delas, tendo en conta a progresión do alumno/a.

Nos casos en que a persoa non chegue ao aprobado segundo os baremos, pode acadalo por mor do esforzo, empeño e mellora das súas marcas iniciais (deberá mellorar un 10%).

En xeral, a maioría das probas físicas utilízanse para que os alumnos coñezan os seus propios límites e os seus progresos.

A valoración do seu traballo realizarase mediante a progresión persoal o longo de cada unidade didáctica, e en función dos obxectivos que estableza o profesor/a. A determinación das melloras obtense coa realización de controis ao inicio das unidades, para determinar o nivel base ou de partida, e o que acada ao finalizar a unidade.

O apartado da condición física será valorado mediante baremo e o resto de probas deportivas e outras actividades mediante rúbricas e observación sistemática de acordo cos criterios de corrección que se establecerán ao inicio de cada unha delas.

***IMPORTANTE: A non realización dalgunha proba ou actividade diaria, por negarse o alumno a realizala, constará como “0” e se lle aplicará a correspondente diminución na área afectiva.**

Área cognoscitiva (15%)

- A cualificación dos alumnos realizarase en función da calidade dos traballos ordinarios e fichas entregados ó longo do curso e os exames escritos, na súa maioría de tipo test. Tamén se poderán propoñer traballos adicionais máis extensos, que poderán ser obrigatorios ou voluntarios , sobre algún tema en particular que sexa de maior interese. Para asegurar que a realización de eses traballos esixiu ós alumnos

un esforzo de comprensión do tema, pedirase que os redacten utilizando a súa propia linguaxe e forma de expresión, sen limitarse a copiar ou a resumir textos.

Os traballos voluntarios poderán servir para recuperar a perda de entrega dalgún traballo ou para substituír a cualificación negativa dalgún deles.

A maioría destas tarefas serán avaliadas a través do formato dixital da aula virtual.

Así mesmo, a valoración dos traballos e as fichas de clase realizarase do seguinte xeito:

- Presentación: 15%
- Redacción: 25%
- Puntualidade(dentro do prazo)10%
- Contidos 50%

***NOTA: Haberá dous datas límites de entrega dos traballos, ata a primeira se premiará a puntualidade e a partires da segunda non se recollerá ningún traballo baixo ningunha circunstancia.**

Área afectiva (30%)

- As actitudes referidas ó traballo, afán de superación, grao de participación e achega a clase, relación e cooperación cos compañeiros, profesor, hixiene e puntualidade, colaboración na posta e recollida do material e o seu coidado, etc., son unha parte fundamental para a cualificación da materia. Así mesmo haberá que valorar outros aspectos como a actitude non violenta e colaboración no desenvolvemento das clases. Utilizarase o rexistro sistemático no caderno do profesor da actitude dos alumnos/as a través da observación da súa conduta durante as clases. Tamén se poderán realizar test de autoavaliación. Se un alumno/a está presente pero non realiza a sesión práctica será considerado como falta práctica e terá que facer as labores teóricas encomendadas.

A valoración de este apartado realizarase do seguinte xeito: Cada alumno disporá de 10 puntos iniciais por trimestre que se irán reducindo en función das faltas de puntualidade, indumentaria inadecuada, pouca o ningunha atención, pouco esforzo..., que serán anotadas no caderno

do profesor restando “-0,5” puntos por infracción. Esta perda poderase compensar con accións e participacións positivas na clase máis alá das valoradas como normais.

ASPECTOS AVALIABLES

Normas (30 %)

- Acudir co equipamento e material adecuado.
- Hixiene mínima e cambio de camiseta ao finalizar a sesión.
- Coidado do material e as instalación.

Actitudes (35 %)

- Predisposición positiva para a actividade.
- Participación activa na sesión evitando conductas de risco.
- Continuidade no traballo da clase.
- Atención ás explicacións.
- Colaboración para o bo funcionamento das sesións.

Valores (35 %)

- Respetto e trato correcto co profesorado.
- Respetto e aceptación das capacidades e destrezas dos compañeiros.
- Relación positiva nas actividades con todos os compoñentes da clase.
- Axuda nas dificultades aos compañeiros.
- Capacidade de traballo en equipo.

2.1 Criterios para determinar as cualificacións trimestrais

En consecuencia co reflectido no punto anterior, a cualificación de cada trimestre indicárase en cifras, podendo expresarse ata un decimal, e obterase do seguinte xeito:

A cualificación de cada trimestre indicárase en cifras e obterase do seguinte xeito:

$$\text{CUALIFICACIÓN} = \text{Área motriz}(55\%) + \text{Área cognitiva}(15\%) + \text{Área afectiva}(30\%)$$

Alumnos/as con lesiones o enfermidades exentos da práctica motriz:

$$\text{CUALIFICACIÓN} = \text{Área cognitiva}(70\%) + \text{Área afectiva}(30\%)$$

A cualificación obtida en cada trimestre redondeárase, de ser o caso, de xeito que o decimal se asimilárase ao enteiro superior se o seu valor é 0,5 ou superior, e ao anterior nos restantes casos, sen prexuízo de que a nota mínima na ESO será de 1 punto. Así, a unha cualificación trimestral de 4,5 corresponderalle 5 na cualificación da avaliación; a unha cualificación trimestral de 4,4 corresponderalle unha cualificación na avaliación de 4.

De conformidade co establecido na normativa vixente, as cualificacións de cada avaliación, consignadas na acta e no boletín correspondente, expresáranse:

Insuficiente (IN), suficiente (SU), ben (BE), notable(NT) e sobresaliente (SB), acompañadas dunha cualificación numérica na escala do 1 ao 10, sen cifras decimais, considerándose cualificación negativa o insuficiente e positivas as restantes, correspondendo ao IN do 1 ao 4, ao SU o 5, ao BE o 6, ao NT o 7 e 8 e ao SB o 9 e 10.

Entenderase que a avaliación está superada cando a cualificación sexa igual ou superior a 5 puntos despois de aplicar o redondeo.

Así mesmo, o alumnado poderá sumar ata 1 punto nesta cualificación a través da lectura voluntaria.

2.2 Cualificación final ordinaria

A cualificación final será a media das tres avaliacións trimestrais (antes de aplicar o redondeo previsto para a cualificación de cada avaliación).

Considerarase superada a materia cando, despois de efectuado no seu caso o redondeo , se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.